XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

CSPEA01

# Economía da empresa

Economía da empresa

# 1. Formato da proba

### Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

### Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

### Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Calculadora científica non programable.
- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

### Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

# 2. Exercicio

## 1. En relación aos sistemas económicos, cal das seguintes características se corresponde cun sistema de economía mixta?

*En relación a los sistemas económicos, ¿cuál de las siguientes características se corresponde con un sistema de economía mixta?*

**A** O Estado e o mercado reparten a toma de decisións ao 50 %.
*El Estado y el mercado reparten la toma de decisiones al 50 %.*

**B** O maior ou menor grao de intervención do Estado depende de cada país.
*El mayor o menor grado de intervención del Estado depende de cada país.*

**C** Non existe desigualdade da renda, polo que non intervén o Estado.
*No existe desigualdad de la renta, por lo que no interviene el Estado.*

## 2. Cal é a afirmación correcta en relación á inflación?

*¿Cuál es la afirmación correcta en relación a la inflación?*

**A** É o aumento do prezo dos alimentos que maioritariamente consumimos nun período de tempo determinado.
*Es el aumento de precio de los alimentos que mayoritariamente consumimos en un período de tiempo determinado.*

**B** É a diferenza entre a porcentaxe de aumento dos salarios e a porcentaxe do aumento no prezo dos alimentos.
*Es la diferencia entre el porcentaje de aumento de los salarios y el porcentaje del aumento en el precio de los alimentos.*

**C** É o aumento xeneralizado e sostido dos prezos dos bens e servizos durante un determinado período de tempo.
*Es el aumento generalizado y sostenido del precio de los bienes y servicios durante un determinado período de tiempo.*

## 3. Como se clasifica unha empresa que produce zumes de laranxa segundo o criterio de actividade?

*¿Cómo se clasifica una empresa que produce zumos de naranja según el criterio de actividad?*

**A** Empresa do sector primario.
*Empresa del sector primario.*

**B** Empresa do sector secundario.
*Empresa del sector secundario.*

**C** Empresa do sector terciario.
*Empresa del sector terciario.*

## 4. Sinale a opción correcta en relación coa constitución dunha sociedade anónima:

*Señale la opción correcta en relación a la constitución de una sociedad anónima:*

**A** As achegas teñen que ser necesariamente en diñeiro.
*Las aportaciones tienen que ser necesariamente en dinero.*

**B** O capital social debe estar completamente desembolsado.
*El capital social debe de estar completamente desembolsado.*

**C** A empresa debe inscribirse no Rexistro Mercantil.
*La empresa debe inscribirse en el Registro Mercantil.*

## 5. No ámbito do crecemento empresarial, cal das seguintes opcións se pode considerar unha estratexia de diversificación heteroxénea?

*En el ámbito del crecimiento empresarial, ¿cuál de las siguientes opciones se puede considerar una estrategia de diversificación heterogénea?*

**A** Unha empresa de roupa introdúcese no mercado de perfumes.
*Una empresa de ropa se introduce en el mercado de perfumes.*

**B** Unha empresa que fabrica cepillos de dentes decide fabricar pasta dentífrica.
*Una empresa que fabrica cepillos de dientes decide fabricar pasta dentífrica.*

**C** Unha empresa que fabrica cociñas decide fabricar fornos.
*Una empresa que fabrica cocinas decide fabricar hornos.*

## 6. Cal das seguintes respostas menciona unha vantaxe das PEME fronte ás grandes empresas?

*¿Cuál de las siguientes opciones menciona una ventaja de las PYME frente a las grandes empresas?*

**A** A facilidade de comunicación entre traballadores.
*La facilidad de comunicación entre trabajadores.*

**B** O seu maior poder de negociación fronte a clientes e provedores.
*Su mayor poder de negociación frente a clientes y proveedores.*

**C** A súa maior capacidade económica e financeira.
*Su mayor capacidad económica y financiera.*

## 7. Sinale a opción correcta en relación a unha estrutura organizativa funcional:

*Señale la opción correcta en relación a una estructura organizativa funcional:*

**A** Baséase no principio de unidade de mando; é dicir, todos os membros da empresa só reciben ordes dun superior.
*Se basa en el principio de unidad de mando; es decir, todos los miembros de la empresa solo reciben órdenes de un superior.*

**B** Caracterízase pola existencia de especialistas que dedican todo o seu esforzo a unha tarefa concreta da actividade da empresa.
*Se caracteriza por la existencia de especialistas que dedican todo su esfuerzo a una tarea concreta de la actividad de la empresa.*

**C** Caracterízase por ser unha estrutura organizativa centralizada e sinxela, con canles de comunicación centralizadas.
*Se caracteriza por ser una estructura organizativa centralizada y sencilla, con canales de comunicación centralizados.*

**8.** Como se denomina a función que ten a finalidade de deseñar unha estrutura na que queden definidas todas as tarefas que debe realizar cada persoa que forma parte da empresa, así como a súa responsabilidade e autoridade?

*¿Cómo se denomina la función que tiene la finalidad de diseñar una estructura en la que queden definidas todas las tareas que debe realizar cada persona que forma parte de la empresa, así como su responsabilidad y autoridad?*

**A** División do traballo.
*División del trabajo.*

**B** Produtividade.
*Productividad.*

**C** Organización.
*Organización.*

**9.** Unha empresa fabricou 2.000 cadeiras empregando 2.500 horas de factor traballo durante o ano 2022, mentres que no ano 2023 alcanzou unha produción de 3.000 cadeiras empregando 3.750 horas de factor traballo. Cal é a opción correcta?

*Una empresa fabricó 2.000 sillas empleando 2.500 horas de factor de trabajo durante el año 2022, mientras que en el año 2023 alcanzó una producción de 3.000 sillas empleando 3.750 horas de factor de trabajo. ¿Cuál es la opción correcta?*

**A** A produtividade do factor traballo no ano 2023 non variou con respecto ao ano 2022.
*La productividad del factor de trabajo en el año 2023 no varió con respecto al año 2022.*

**B** A produtividade do factor traballo no ano 2023 aumentou con respecto ao ano 2022.
*La productividad del factor de trabajo en el año 2023 aumentó con respecto al año 2022.*

**C** A produtividade do factor traballo no ano 2023 diminuíu con respecto ao ano 2022.
*La productividad del factor de trabajo en el año 2023 disminuyó con respecto al año 2022.*

**10.** Unha empresa comercial ten unha demanda anual constante de 7.500 unidades de produto; se o custo de realizar un pedido é de 9 euros e o custo anual de ter unha unidade almacenada é de 3 euros. Cal será o volume óptimo de pedido segundo o modelo de Wilson?

*Una empresa comercial tiene una demanda anual constante de 7.500 unidades de producto; si el coste de realizar un pedido es de 9 euros y el coste anual de tener una unidad almacenada es de 3 euros. ¿Cuál será el volumen óptimo de pedido según el modelo de Wilson?*

**A** ≈ 350 unidades.

**B** ≈ 625 unidades.

**C** ≈ 212 unidades.

## 11. Que é o punto morto ou limiar de rendibilidade?

*¿Qué es el punto muerto o umbral de rentabilidad?*

**A** O nivel de produción que nos permite alcanzar o máximo técnico.
*El nivel de producción que nos permite alcanzar el máximo técnico.*

**B** O nivel de produción obtido nunha xornada completa de traballo.
*El nivel de producción obtenido en una jornada completa de trabajo.*

**C** O nivel de produción no que os ingresos totais se igualan aos custos totais.
*El nivel de producción en el que los ingresos totales se igualan a los costes totales.*

## 12. Cal é a resposta correcta en relación ao monopolio de oferta?

*¿Cuál es la respuesta correcta en relación al monopolio de oferta?*

**A** Existe un só demandante e un só oferente dun produto.
*Existe un solo demandante y un solo oferente de un producto.*

**B** Existen moitos demandantes e moitos oferentes dun produto.
*Existen muchos demandantes y muchos oferentes de un producto.*

**C** Existe un único oferente e moitos demandantes dun produto.
*Existe un único oferente y muchos demandantes de un producto.*

## 13. Cal das seguintes opcións se corresponde con elementos de inmobilizado material?

*¿Cuál de las siguientes opciones se corresponde con elementos de inmovilizado material?*

**A** Terreos e bens naturais, instalacións técnicas e construcións.
*Terrenos y bienes naturales, instalaciones técnicas y construcciones.*

**B** Maquinaria, existencias, diñeiro no banco e construcións.
*Maquinaria, existencias, dinero en el banco y construcciones.*

**C** Maquinaria, terreos e bens naturais, construcións e patentes.
*Maquinaria, terrenos y bienes naturales, construcciones y patentes.*

## 14. Sinale a resposta correcta en relación ás características das accións e das obrigas como valores mobiliarios:

*Señale la respuesta correcta en relación a las características de las acciones y de las obligaciones como valores mobiliarios:*

**A** O rendemento da obriga está en función dos resultados obtidos pola empresa.
*El rendimiento de la obligación está en función de los resultados obtenidos por la empresa.*

**B** As accións dan dereito a participar na xestión da empresa.
*Las acciones dan derecho a participar en la gestión de la empresa.*

**C** As accións son consideradas títulos de renda fixa.
*Las acciones son consideradas títulos de renta fija.*

**15.** Unha empresa pretende levar a cabo un proxecto de investimento cunha duración de dous anos. O proxecto ten un desembolso inicial de 5.000 euros; os seus fluxos netos de caixa son 1.500 euros o primeiro ano e de 4.000 euros o segundo ano. Se a taxa de desconto é do 2 % e decide utilizar o criterio do valor actual neto (VAN), aconsellaríalle a esta empresa desenvolver este proxecto de investimento?

*Una empresa pretende llevar a cabo un proyecto de inversión con una duración de dos años. El proyecto tiene un desembolso inicial de 5.000 euros; sus flujos netos de caja son 1.500 euros el primer año y de 4.000 euros el segundo año. Si la tasa de descuento es del 2 % y decide utilizar el criterio del valor actual neto (VAN), ¿le aconsejaría a esta empresa desarrollar este proyecto de inversión?*

**A** Non, porque o seu VAN sería negativo.
*No, porque su VAN sería negativo.*

**B** Sería indiferente, porque o seu VAN sería igual a cero.
*Sería indiferente, porque su VAN sería igual a cero.*

**C** Si, porque o seu VAN sería positivo.
*Sí, porque su VAN sería positivo.*

**16.** Que representa un segmento de mercado?

*¿Qué representa un segmento de mercado?*

**A** A relación entre a cifra de vendas dunha empresa e o total da cifra de vendas das empresas do sector.
*La relación entre la cifra de ventas de una empresa y el total de la cifra de ventas de las empresas del sector.*

**B** A cantidade de unidades vendidas polo conxunto de empresas que comercializan un mesmo produto, pero nunha zona determinada.
*La cantidad de unidades vendidas por el conjunto de empresas que comercializan un mismo producto, pero en una zona determinada.*

**C** O conxunto de consumidores que demandan un produto de características similares.
*El conjunto de consumidores que demandan un producto de características similares.*

**17.** Sinale a resposta correcta en relación á clasificación do capital social como fonte de financiamento:

*Señale la respuesta correcta en relación a la clasificación del capital social como fuente de financiación:*

**A** Financiamento propio.
*Financiación propia.*

**B** Financiamento interno.
*Financiación interna.*

**C** Financiamento mixto.
*Financiación mixta.*

## 18. Cal dos seguintes elementos patrimoniais ten menor esixibilidade?

*¿Cuál de los siguientes elementos patrimoniales tiene menor exigibilidad?*

**A** Débedas con provedores.
*Deudas con proveedores.*

**B** Reservas legais.
*Reservas legales.*

**C** Débedas a longo prazo.
*Deudas a largo plazo.*

## 19. Como se denomina o traslado dos centros de produción de grandes empresas a países con menores custes de man de obra?

*¿Cómo se denomina el traslado de los centros de producción de grandes empresas a países con menores costes de mano de obra?*

**A** Externacionalización.
*Externacionalización.*

**B** Factorización.
*Factorización.*

**C** Deslocalización.
*Deslocalización.*

## 20. Sinale a opción correcta en relación ás masas patrimoniais do balance de situación:

*Señale la opción correcta en relación a las masas patrimoniales del balance de situación:*

**A** O activo representa a estrutura financeira a curto prazo.
*El activo representa la estructura financiera a corto plazo.*

**B** O pasivo é a suma dos capitais permanentes e as débedas a longo prazo.
*El pasivo es la suma de los capitales permanentes y las deudas a largo plazo*

**C** O activo recolle os investimentos a curto e a longo prazo.
*El activo recoge las inversiones a corto y a largo plazo.*

## 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | X | | |
| 2 | | | X | |
| 3 | | X | | |
| 4 | | | X | |
| 5 | X | | | |
| 6 | X | | | |
| 7 | | X | | |
| 8 | | | X | |
| 9 | X | | | |
| 10 | | | X | |
| 11 | | | X | |
| 12 | | | X | |
| 13 | X | | | |
| 14 | | X | | |
| 15 | | | X | |
| 16 | | | X | |
| 17 | X | | | |
| 18 | | X | | |
| 19 | | | X | |
| 20 | | | X | |

| | |
|---|---|
| N.º de respostas correctas (C) | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**